

José Manuel Miñones Conde, Francisco Villaverde Marcos, Isabel González Cancela, José Francisco Doval Galán, Carmen Fraga Crespo, José Pazos Balsa, Pilar Candocia Pita, Olalla Alvite del Río, Susana Mayo Redondo e Anxo Doval Rey, Ramón García Argibay, Dolores Fernández Alvarez, Alfonso Rey López, Emilio Martínez Carballeira, Manuel Ferreiro Santiago, María González Gómez, Santiago Amor Barreiro, Bernardo Moar Miguez, Eugenia Martín Vicente, Alfredo Taboada Alvelo, Carmen Verde Leboráns concelleiros e concelleiras de Ames, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presentan esta **MOCIÓN SOBRE O PECHE DAS ESCOLAS UNITARIAS DE COVAS E AGRÓN**, en base a seguinte

Exposición:

As escolas unitarias cumpren un importante papel na educación infantil no mundo rural. Por un lado son centros pedagoxicamente avanzados ao xuntaren nun mesmo aula alumnos de distintas idades, posibilitando a adaptación do ritmo madurativo de cada neno ao seu crecemento evolutivo aproveitándose dos modelos do seu entorno, e educándose na responsabilidade dos maiores.

Ao mesmo tempo tamén están na vangarda dos modelos pedagóxicos en canto son un elemento tradicional de inserción da "comunidade escolar" na marcha do centro e da educación. Non hai esquecer que o modelo de escola unitaria leva funcionando case 100 cumprindo estupendamente a función de integración e participación da comunidade educativa, hoxe tan desexada nos modelos máis avanzados.

Por outra banda a vida no mundo rural está moi relacionada co mantemento da escola unitaria nos propios centros que as comunidades rurais puxeron a disposición da administración para estes fins. Neste senso pechar a función educativa destes centros contribúe á morte mesma dos espazos rurais.

Así mesmo, estamos falando de centros cun baixo custo económico posto que son locais cedidos pola comunidade, que ela mesma contribúe a crear e sen custos engadidos de transporte nin comedor, do que se encargan as propias familias.

Finalmente, compre considerar que vivimos nun dos municipios galegos con maior índice de natalidade e menor número proporcional de prazas escolares. Pechando os poucos centros que nos quedan non faremos máis que agravar o problema. No ano 2007 había 3.144 nenos de 0 a 9 anos no concello de Ames, cunha poboación total de 24.553 habitantes. En 2012 o número de nenos de 0 a 9 anos xa era de 3.782 nunha poboación total de 29.331 habitantes. Nunha dinámica crecente que aínda non empezou a declinar. O que hai que facer é aproveitar os centros que temos en vez de pechalos.

Por este motivo o Pleno municipal do concello de Ames aproba o seguinte

Por todo o exposto, os concelleiros/as propoñen para acordo do Pleno os seguintes puntos:

O Pleno do Concello de Ames insta ao goberno da Xunta de Galicia a:

- 1) Respecto as Escolas Unitarias, instamos a Xunta de Galicia a que informe sobre cal é o futuro das Escolas Unitarias de Agrón e Covas.
- 2) Queremos coñecer, e esiximos que se fanga saber dun xeito público, cales son eses outros criterios, ademáis da ratio de alumnos, que se barallan para decidir a continuidade ou o peche dunha escola.
- 3) Perante as contradicións dos últimos días, instamos a que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria informe de modo directo e de xeito indubidable aos pais e nais dos/as alumno/as de Agrón e Covas sobre a continuidade de ditas escolas. Unha vez creada a incertidume sobre o seu posible peche e as contradicións entre distintos departamentos non resulta oportuno nin xusto para os pais e nais ter que coñecer a decisión definitiva por medio dunha publicación no DOG.
- 4) O pleno municipal do concello acorda a favor do mantemento das escolas unitarias do noso concello como centros dun avanzado sistema pedagóxico e de participación comunitaria, que contribúe notablemente á calidade dos servizos educativos. Do mesmo xeito estes centros son moi importantes para manter unha correcta oferta de prazas nun concello cun dos índices de natalidade máis elevado do país, podendo contribuír a desconxestionar o resto dos centros escolares. Expresamente o pleno do concello apoia o mantemento das escolas unitarias de Covas e Agrón, das que hai dúas semanas comunicárase a posibilidade do seu peche.

Ames, 27 de xuño de 2013

Asdo.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES